

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS DE VILANOVA DE AROUSA, PONTECESURES, CATOIRA E VALGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "MAR DE SANTIAGO" 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou cos concellos de Vilanova de Arousa, Pontecesures, Catoira e Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten como obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos de Vilanova de Arousa, Pontecesures, Catoira e Valga para a subvención da elaboración e execución de accións específicas do Plan de activación turística e marketing dixital "Mar de Santiago".

Todas elas son accións que teñen como obxectivo favorecer o coñecemento da zona como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes



canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- O obxectivo xeral da actuación é destacar a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago. Busca tamén impulsar o desenvolvemento das áreas rurais do Camiño de Santiago, mediante a súa promoción e a difusión dos seus valores. Así como prolongar a estancia da nosa terra dos peregrinos despois da súa chegada a Santiago, para aumentar as pernotacións nos Concellos do "Mar de Santiago".

Contribúe, polo tanto, de maneira especial, ó seguinte obxectivo do Xacobeo 2021-22: "*Destacar a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago*".

Este proxecto ten unha relación directa co Camiño de Santiago, por canto o seu ámbito de actuación correspóndese con municipios polos que atravesas unha das súas rutas oficiais, como é a "Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla", propoñendo a identificación e difusión dos recursos naturais e culturais vinculados o vía Crucis fluvial entre os termos municipais: "*Impulsar o desenvolvemento das áreas rurais do Camiño de Santiago*".



Espérase achegar unha mellora dos niveis de calidade de vida das zonas rurais e a diversificación do turismo no área de actuación. A través da promoción turística dos municipios de Vilanova de Arousa e Pontecesures, baixo un enfoque cara o vía Crucis fluvial e o Camiño de Santiago, fomentárase o aumento do número de turistas e visitantes na zona, repercutindo nas rendas do empresariado e da poboación en xeral.

Cuarto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 2: Valores diferenciadores e a súa potenciación, indica que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público colaborar na elaboración deste plan de activación turística froito da alianza de catro destinos turísticos sobre unha marca turística paraugas que lle dea sentido e un novo impulso ao desenvolvemento turístico da zona combinando as vantaxes e o posicionamento do destino coas oportunidades que brinda o mercado cun enfoque fundamentado nos seguintes piares:

- Diferenciación fronte a outros destinos.
- Complementariedade no deseño da oferta, a optimización dos recursos e a eficiencia dos servizos.
- Diversificación, incrementando o actual portafolio de produtos turísticos dos concellos que forman a marca "Mar de Santiago".
- Sustentabilidade ambiental, social e económica, buscando o equilibrio entre oferta e demanda, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, co que se pretende a súa posta en valor e a súa potenciación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

